



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Máster Universitario en Química Orgánica (3ª edición)

Curso Académico: Curso 2017-2018

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- Plan de Melloras
 - Finalizadas Curso 2017-2018
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - [AM-1](#)
 - [AM-2](#)
 - [AM-3](#)
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - [AM-4](#)
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - [AM-5](#)
 - [AM-6](#)
 - [AM-7](#)
 - [AM-8](#)
 - [AM-9](#)
 - [AM-10](#)
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - [AM-11](#)
 - Abertas Curso 2018-2019
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - [AM-1](#)
 - [AM-2](#)
 - [AM-3](#)

- Criterio 2 - Información e transparencia
 - [AM-4](#)
- Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidad
 - [AM-5](#)
 - [AM-6](#)
 - [AM-7](#)
 - [AM-8](#)
 - [AM-9](#)
 - [AM-10](#)
- Criterio 5 - Recursos materiais
- Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - [AM-11](#)

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Química Orgánica (3ª edición)
Mencións/Especialidades	No
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	Universidade Autónoma de Madrid, Universidade Complutense de Madrid e Universidade de Santiago de Compostela (coordinadora).
Centro responsable	Facultade de Química
Centro/s onde se imparte	Facultade de Química
Rama de coñecemento	Ciencias
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	No
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2013/2014
Data acreditación ex ante (verificación)	25/09/2013
Data renovación acreditación	15/09/2017

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

- Na lista de evidencias e indicadores pode verse en detalle o perfil de ingreso.
- O perfil formativo do título mantén a súa relevancia, non tendo requerido aínda ningunha actualización, por non terse detectado a aparición de novos requisitos ou necesidades formativas nos ámbitos académicos e profesionais, relacionados fundamentalmente cos correspondentes ás titulacións de acceso preferente: Química, Farmacia e Enxeñaría Química.
- Os perfís de egreso son axeitados, están actualizados en manteñen a súa relevancia. A maioría dos titulados teñen optado por acceder á realización dunha tese de doutoramento, sendo, polo tanto, pouco relevante aínda o número de alumnos que optan por acceder directamente ó mercado de traballo.
- O Máster mantén o interese dos estudantes, como se pode ver pola evolución da matrícula nos últimos cursos.
- A porcentaxe de prazas cubertas foi dun 120% na UAM, dun 72% na UCM e dun 75% na USC.
- A variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición foi moi alta na UAM (44%), dun 0% na UCM, sendo só negativa na USC (-11.76%). A evolución das prazas cubertas non experimentou grandes cambios ao longo dos últimos cursos aínda que se axusta moi ben ao observado na variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición. Así nos cursos 2015-16, 2016-17 e 2017-18 foi á alza na UAM (106%, 83% e 120%, respectivamente), mantense na UCM (50%, 72% e 72%, respectivamente) mentres que na USC experimentou un lixeiro descenso (55%, 85% e 75%, respectivamente).
- A procedencia dos estudantes tamén é indicativa do interese do Máster. Así na UAM o 50% dos estudantes son de fora da Comunidade Autónoma de Madrid e só o 42% dos mesmos son egresados da propia Universidade. No caso da UCM o 44% dos matriculados son de fora da Comunidade Autónoma de Madrid, sendo o 56% deles egresados da UCM. No caso da USC o 6.67% dos estudantes son estranxeiros, o 53.33% de fora de Galicia e o 40% egresados da propia USC.
- Dado que o número de admitidos no Máster mantense bastante estable, e a nota media de acceso por preinscrición é alta e sostida ao longo dos cursos (7.13, 7.02 e 7.42 na UAM, UCM e USC, respectivamente), todo parece indicar que o interese polo título mantense.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

- O plan de estudos desenvólvese de acordo co previsto na Memoria de verificación, como se pode comprobar nas guías docentes das diferentes materias.
- A docencia impártese en modalidade presencial nas tres universidades do consorcio. As materias obrigatorias son impartidas de xeito coordinado polas tres universidades do consorcio. A UAM e a USC imparten paneis de materias optativas de 3 ECTS, algunhas delas de carácter compartido e outras propias de cada una delas. A UCM imparte os mesmos contidos formativos organizados nun panel de materias propias (materias de 6 ECTS), debido a normativa propia da universidade.
- Os alumnos de cada unha de universidades poden optar por cursar materias das outras universidades en modalidade presencial.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade: So no caso da UAM os alumnos do Máster participaron en programas de mobilidade; nesta universidade 4 alumnos (11% do total) realizaron o Máster na Universidade de Estrasburgo.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

- A evidencia E5 recolle as actas da Comisión de Coordinación Interuniversitaria do Máster, da que forman parte os coordinador local e o coordinador local adxunto de cada unha das tres universidades do consorcio, así como un representante dos estudantes de cada unha das universidades e un representante do PAS
- Esta Comisión que é a encargada do proceso de medición, análise e propostas de mellora do título. Os autoinformes correspondentes son aprobados pola Comisión de Calidade da Facultade de Química de USC, por ser o centro de referencia da universidade coordinadora do título.
- En cada unha das tres universidades ven de ser constituída una Comisión Académica local así coma un coordinador para cada unha das materias en cada unha das Universidades do consorcio, en aplicación dunha proposta de mellora. A función de ditas comisións ten como función principal a de coordinación das asignaturas tanto a nivel vertical coma horizontal de acordo coas directrices recibidas da Comisión Académica Interuniversitaria. As actas de constitución das

devanditas Comisi3ns Acad3micas locais, as3 coma a composici3n da Comisi3n de Coordinaci3n Interuniversitaria aparecen recollidas como anexos I e II, respectivamente, na Acta 03/2017 do 20 de decembro de 2017 recollida na evidencia E5.

- Os coordinadores de materia en cada unha das universidades son os encargados de que as gu3as docentes sexan coincidentes no caso das materias compartidas e tam3n de que se correspondan coa memoria verificada do t3tulo.

1.4. Os criterios de admisi3n aplicados permiten que os estudantes admitidos te3nan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no t3tulo.
- No seu caso, os complementos de formaci3n compren a s3a funci3n en canto 3 nivelaci3n e adquisici3n de competencias e co3cexementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexi3n/comentarios que xustificuen a valoraci3n:

- O perfil de ingreso dos estudantes est3 de acordo co proposto na memoria de verificaci3n do t3tulo.
- Practicamente t3dolos estudantes do M3ster, independentemente da s3a procedencia xeogr3fica ou da universidade de gradaci3n, son graduados en Qu3mica (94.4%% na UAM, 100% na UCM e 100% na USC).
- So no caso da UAM hai dous alumnos que non son graduados en Qu3mica pero si en titulaci3ns af3ns (un en enxe3ar3a qu3mica na Escuela Superior Polit3cnica de Chimborazo (Ecuador) e un graduado en bioqu3mica pola Santa Clara University (USA). No caso da UCM e USC t3dolos alumnos son graduados ou licenciados en qu3mica.
- Polo tanto, t3dolos estudantes pos3en o perfil de ingreso esixido para 3 acceso directo 3 M3ster, non requir3ndose, polo tanto, cursar complementos de formaci3n.

1.5.- A aplicaci3n das diferentes normativas contrib3e 3 eficiencia nos resultados do t3tulo.

Aspectos a valorar:

- A aplicaci3n das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e reco3cexemento de cr3ditos, as3 como outras relacionadas coa avaliaci3n, traballos fin de grao/m3ster, pr3cticas externas, ...) desenv3lvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no t3tulo. Impacto delas nos resultados.

Reflexi3n/comentarios que xustificuen a valoraci3n:

- T3dolos procesos de avaliaci3n, TFM, reco3cexemento de cr3ditos (un alumno na UAM e outro na UCM) se desenv3lven de acordo coa normativa de cada unha das universidades, at3ndose tam3n 3 establecido nas gu3as docentes correspondentes, acordes co recollida na Memoria verificada.
- Cada alumno 3 examinado na universidade correspondente por parte do profesorado de cada unha das materias impartidas
- A materia TFM 3 examinada en cada unha das universidades por parte de comisi3n constitu3das por un profesor de cada unha das universidades do consorcio, actuando en cada unha delas como presidente o representante da universidade correspondente.
- Para este exame existe unha r3brica compartida, que garante a unicidade de criterios de avaliaci3n.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Toda a información do título, plans de estudo, guías docentes, horarios, información das actividades etc. aparecen recollidas na páxina web interuniversitaria do Máster (<https://www.masterqo.es/>), a través da cal se pode acceder a información das actividades do Máster das tres Universidades do consorcio.
- Na páxina principal desta web (<https://www.masterqo.es/>), ademais dunha breve introducción ao título, aparecen as noticias e actividades relativas ou de interese para o Máster, e o acceso a un buzón de suxestións, entre outras informacións coma as maiss destacadas.
- No apartado de Admisión e matrícula (<https://www.masterqo.es/admisin-y-matricula>), ademais das recomendación para o perfil de acceso e información nas competencias do graduado e saídas profesionais aparecen os correspondentes enlaces as webs de matrícula de cadansúa Universidade.
- Xa no apartado do plan de estudos (<https://www.masterqo.es/plan-de-estudios>), pódese acceder ao documento verifica do Máster así coma a unha sección de preguntas frecuentes (FAQ) e un link a todo o profesorado do Máster agrupado pola súa Universidade de orixe e cun breve CV. Xa coma subapartados nesta sección aparecen as guías docentes de tódalas asignaturas así coma a oferta de TFM, normativas e formularios necesarios para o alumno.
- Outro apartado importante é o adicado as actividades formativas titorizadas (<https://www.masterqo.es/copia-de-actividades-formativas>) que o alumno debe cursar.
- Finalmente, na páxina principal (<https://www.masterqo.es/>) hai un link as páxinal de calidade das tres Universidades aínda que toda a documentación relativa ao seguimento e acreditación deste Máster aparece no link da USC (<http://www.usc.es/es/centros/quimica/sgic.html>) xa que é a Universidade coordinadora (ver Criterio 3 apartado 3.1)

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- O sistema de calidade é o vixente na universidade coordinadora, a USC
- A Comisión de Calidade da Facultade de Química (centro responsable) da USC (universidade coordinadora) analiza a información deste Máster e os resultados dos distintos títulos para elaborar os informes de seguimento, que inclúen as accións de mellora
- Toda a información relativa a este aspecto da titulación aparece recollida na páxina web da Facultade de Química, na dirección web seguinte: <http://www.usc.es/gl/centros/quimica/sqjc.html> .
- As actas das reunións desta comisión de calidade están dispoñibles no enlace: http://www.usc.es/gl/centros/quimica/curso/c_calidade.html
- O convenio interuniversitario establece a composición e competencias da Comisión de Coordinación Interuniversitaria.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Tódalas accións de mellora propostas nos informes de avaliación permitiron un maior grado de coordinación interuniversitaria e maior organización do Máster, que redunda nun evidente beneficio do alumnado.
- Froito das indicacións de mellora recollidas nos informes de verificación para a renovación da acreditación da titulación procedeuse á elaboración dun documento de declaración de intencións para as modificacións que se pretenden implantar no curso 2019-20 (actas 03/2017, 01/2018 y acta 03/2018, evidencia E5).

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as

melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- As enquisas realizadas a tódolos grupos de interese (aínda que a participación polo xeral é baixa), téñense en conta a hora de organizar e modificar a edición do Máster no curso seguinte.
- **Profesorado:**
 - Respecto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida, obsérvase que os indicadores permanecen practicamente no mesmo valor para os tres últimos anos académicos, por riba do valor medio (2.5 sobre 5), sendo no último curso 2017-18 de 3.91 para a UAM, de 7,5 sobre 10 para a UCM (aínda que neste caso a enquisa consta so con dous participantes) e de 4.08 para a USC (participación do 48.15%). Obsérvase un lixeiro descenso respecto ao ano pasado na UAM, o mesmo resultado na UCM e un lixeiro aumento no valor acadado na USC.
 - UAM:
 - Respecto da satisfacción do profesorado coa titulación na UAM a enquisa foi feita por 6 docentes. Tódolos items están por riba da media da universidade (3.49) agás o ítem de relación titorizados cun valor de 2. Os items mellor valorados con valores por riba de 4 son o clima de traballo, os espazos docentes, os recursos humanos, a secretaría, o logro das capacidades/competencias e a satisfacción global. A satisfacción cos recursos para a titorización, a formación do titor e os recursos tecnolóxicos melloran a súa valoración respecto ao ano pasado (4 vs 2.5, 4 vs 3 e 3.86 vs 3.25 para os cursos 16-17 e 17-18, respectivamente).
 - UCM.
 - Na UCM a enquisa do PDI foi realizada só por 2 membros do colectivo, polo que os resultados non son significativos.
 - USC:
 - Os datos para a USC obtivéronse cunha taxa de resposta do 48.15% onde tódolos items están por riba de 3.86 sobre un máximo de 5. O mellor valorado foi a coordinación entre os distintos profesores da materia (4.54), coñezo o nivel de comprensión do alumno (4.43) e satisfacción coa relación co alumno nas titorías e satisfacción co traballo realizado con 4.29 para os dous items. Os items con máis baixa puntuación foron o nivel co que chega o alumno, a participación crítica do alumno o material e servizos existentes na Universidade e no centro cun valor de 3.86 para todos eles.

Respecto a enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación o número de cuestionarios cubertos foi de nove o que representa o 31.01% do profesorado do Máster. En xeral as valoracións en tódolos items foron máis positivas cas do curso anterior (por riba de 4 sobre 5) e superiores á media das valoracións obtidas polos Másteres na USC. So a valoración do calendario de probas de avaliación (valoración 4.11, valoración dos másteres da USC 4.23) e a difusión das actividades extracurriculares entre o alumnado (información das actividades

culturais, deportivas, sociais...) (valoración 3.50, valoración dos másteres da USC 3.85) acadan puntuacións inferiores á media dos másteres da USC.

- **Persoal de administración e servizos:**

- A enquisa de satisfacción do PAS na UCM foi realizada por 11 membros do colectivo (5.73% de participación), acadando un valor de 8.5 e 7.3 sobre 10 na satisfacción co traballo e coa UCM, respectivamente. No caso do indicador do compromiso acadou un valor de *comprometido* no caso dun 18.18% dos enquisados (valoración de 9 ou máis puntos en tódalas preguntas), *neutro* nun 81.82% (valoración entre 6 e 9 puntos en tódalas preguntas) non habendo neste caso nengún decepcionado (valoración inferior a 6 puntos en tódalas preguntas).
- Respecto á satisfacción do persoal de administración e servizos para a USC no curso 2017-18. a) No caso da satisfacción do PAS coas actividades formativas a taxa de resposta foi dun 65.59%. Tódolos ítems da enquisa están por riba do valor medio 2.5 (máximo de 5), sendo o máis valorado que o número de alumnos é axeitado para aprendizaxe (4.34) e as instalacións (4,23). O punto co que se atopan máis en desacordo é a información previa recibida do curso (3,81) e a adecuación da duración do curso aos contidos (3.82). A porcentaxe de PAS que recomendarían matricularse nos cursos recibidos aos compañeiros e dun 84.87%. b) No caso da enquisa de satisfacción do PAS a participación foi dun 41.7% do persoal. Coma no caso anterior tódalas valoracións están por riba do valor medio (2.5), resultando os ítems "a comunicación entre o persoal da unidade e os usuarios é axeitada" e "resultame doado expresar as miñas opinións no lugar de traballo" os mellor valorados con 4,19 e 4.16, respectivamente. Pola contra os ítems peor valorados son "a formación para desempeñar o meu traballo é axeitada" (3.26), e "o coñecemento dos servizos que prestan outras unidades da universidade é suficiente" (3.27). A satisfacción xeral co seu traballo acada unha puntuación dun 3.88. Tódolos ítems nas encuestas do PAS mostran unha lixeira mellora respecto do curso anterior, sendo os mesmos ítems os que acadan a mellor e peor puntuación nos dous cursos académicos.

- **Alumnos:**

- Respecto á satisfacción dos alumnos coa docencia impartida os indicadores das tres universidades están por riba da valoración media: UAM 4.18, UCM 6.08 (sobre 10) e USC 4.71.
- UAM:
 - No caso da UAM este Máster acada unha valoración de máis 4 sobre 5 na opinión sobre as asignaturas, agás no tempo adicado ás prácticas no que acada un valor de 3.96. O mellor valorado neste ítem foi a avaliación segundo a guía docente cun valor de 4.39. En canto á opinión sobre as asignaturas en tódolos casos os valores están por riba de 3.49 agás nas asignaturas química médica e síntese orgánica avanzada nas que a satisfacción coa guía docente, a coordinación entre os profesores, o tempo de prácticas e a satisfacción global acadan valores entre 2.49 e 3.50.
- UCM:
 - No caso da UCM realizáronse 13 enquisas de satisfacción do alumnado o que corresponde a unha porcentaxe de participación dun 32.5%. No caso do indicador do compromiso acadou un valor de *comprometido* no caso dun 84.62% dos enquisados (valoración de 9 ou máis puntos nas preguntas de fidelidade, prescripción e vinculación) e decepcionado nun 15.38% (valoración de 6 ou menos puntos nas preguntas de fidelidade, prescripción e vinculación).

En xeral as preguntas de satisfacción coa titulación acadan respostas máis positivas que a satisfacción coa UCM, sendo a valoración de satisfacción global coa titulación dun 4.7 e coa UCM dun 3.8 sobre 10 (obsérvase que a satisfacción coa titulación é maior entre o colectivo pertencente ao resto de España fronte aos pertencentes a Madrid (5.7) e entre os que se dedican a tempo completo ao Máster (6.2) e os que traballan de forma continuada (7.0). En canto aos items concretos de satisfacción destacan o número de alumnos por alula (7.85), a titulación integra teoría e práctica (7.23), as cualificacións están dispoñibles en tempo adecuado (6.38), relación calidade/precio (6.08), contidos innovadores e ben organizados (5.23 e 5.46, respectivamente) e a formación relaciónase coas competencias e posibilita o acceso ao mundo investigador (6.08 e 5.69, respectivamente). Doutra banda, os items cunha pero valoración son o compoñente práctico é adecuado (3.15) e satisfacción coa labor docente dos profesores (3.92). Tódolos demais items acadan puntuacións entre 4 e 5.

Respecto á satisfacción coa UCM, tanto os recursos e medios coma as actividades complementarias e o prestixio da Universidade acadan puntuacións de 5.54, 4.83 e 5.08 sobre 10, mentres que o asesoramento e axuda do servizo de atención ao estudante acada un 4.67 sobre 10.

- USC: Na USC a participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida tivo unha porcentaxe de participación so dun 13.33%, e tódolos items avaliados acadaron 4.56 puntos ou máis sobre 5. Os items máis valorados polo alumnado foron a explicación da programación da materia e dos criterios de avaliación ao principio da actividade docente e a coordinación entre os profesores dunha mesma asignatura (4.89 nos dous puntos), a resolución das dúbidas (4.83), a actitude receptiva que facilita a comunicación cos estudantes (4.78). Os items cunha puntuación máis baixa foron os recursos didácticos empregados (4.56) e a utilidade das axudas recibidas nas titorías (4.58).

Respecto a enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación o número de cuestionarios cubertos foi de 3 o que representa o 20.00% do estudiantado do Máster. Con esta baixa participación tódolos items están por riba da media da valoración dos másteres na USC agás nas aulas e o seu equipamento (2.33 fronte ao 3.27 na media da USC), o espazo dedicado ao traballo autónomo (2.67 fronte a 3.24) e as plataformas de docencia virtual (2.67 fronte 3.36) e as canles para realizar queixas e suxestións (2,67 fronte a 2,89). Os aspectos máis valorados son os laboratorios, aulas de informática, espazos experimentais e o seu equipamento (4.67), a información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino (4.33) e a proporción entre sesións teóricas e as prácticas da titulación (3.67).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- As evidencias e indicadores dispoñibles demostran que o persoal docente e investigador (PDI) é axeitado para o desenvolvemento do Máster nas tres universidades. Os profesores posúen unha experiencia investigadora e docente excelente, como se reflicte nos datos do número de sexenios e de quinquenios.
- O persoal académico do Máster ten a cualificación (experiencia docente e investigadora) idónea para a impartición deste da titulación. A súa composición é a seguinte:
 - UAM: 3 Catedráticos, 11 Titulares, 6 profesores contratados doutores e 3 persoal externo, todos eles doutores. A porcentaxe de PDI con sexenios sobre o total do profesorado é dun 100%, e un 70% do profesorado é funcionario.
 - UCM: 5 Catedráticos, 5 Titulares, 1 profesor contratado doutor, todos eles doutores. A porcentaxe de PDI con sexenios sobre o total do profesorado é dun 100%, e un 90.9% do profesorado é funcionario.
 - USC: 10 Catedráticos, 14 Titulares, 2 profesores contratados doutor, 1 investigador Ramón y Cajal, todos eles doutores, e 1 persoal externo. A porcentaxe de PDI con sexenios sobre o total do profesorado é dun 100%, e un 100% do profesorado é funcionario (o persoal externo é un investigador do CSIC, doutor e funcionario).
- As ratios de alumnos por grupo de teoría ou docencia interactiva son idóneos para unha docencia de calidade.
- A análise das enquisas de satisfacción do profesorado e avaliación da docencia foron valoradas no criterio 3.
- A participación do profesorado en plans de formación incrementouse na UAM dende un 7.14% no ano 2014/15 ata un 27.27% no 2016/17; neste curso baixou lixeiramente (ata 25%).

Na UCM, no curso 2017-18 participou en actividades de formación un 25% do PDI do Máster.

Na USC, a participación vense reducindo nos últimos anos: 25.9% no 2015-16, 15.4% no 2016-17 e 10.3% no 2017-18; isto pode ser debido a que os cursos ofertados desde o vicerrectorado non resultan atractivos para o noso profesorado. Na axenda 2018-19 do Centro (Facultade de Química da USC) proporase a organización de cursos específicos que podan resultar de interese para este colectivo.

- Non se teñen datos de mobilidade do profesorado da UCM e da USC. No caso da UAM: participa en diversos programas de mobilidade coma o “Salvador de Madariaga”, “UAM-Boston University”, “Convenio de dobre titulación: Ingénier-Master (ECPM,UdS) e Grado Master en Química Orgánica/Química Aplicada (UAM)” que permitiron a mobilidade do seu persoal docente así coma a visita de profesorado estranxeiro para impartir docencia.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- As tres universidades dispoñen do persoal de apoio e servizos correspondente as facultades nas que se imparte o Máster: Facultad de Ciencias (UAM), Facultad de Ciencias Químicas (UCM) e Facultade de Química (USC) (ver evidencia E16 para cada Universidade e os seguintes enlaces web):
 UAM: <http://www.uam.es/Ciencias/EstructuraOrganizacion/1234888218711.htm?language=es&nodepath=Estructura%20y%20Organización>
 UCM: <http://quimicas.ucm.es/> sección servizos
 USC: [Unidade de Apoio á Xestión en Centros e Departamentos](#), [Persoal de Biblioteca](#) e [Técnicos de Investigación/Laboratorio](#).
- A análise das enquisa de satisfacción do PAS foron valoradas no criterio 3.
 - Só se dispoñen dos datos de participación do PAS en plans de formación da USC no que aumentou dende un 40% no 2015-16 ata un 51.61% no 2016-17

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento, ...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- As tres universidades dispoñen das infraestruturas e servizos correspondente as facultades nas que se imparte o Máster:
Facultad de Ciencias: UAM, <http://www.uam.es/Ciencias/Medios-Materiales-e-Infraestructuras/1242667490962.htm?language=es&nodepath=Medios%20Materiales%20e%20Infraestructuras&pid=1234888214159>
Facultad de Ciencias Químicas UCM, <https://quimicas.ucm.es/> (na súa sección Servizos)
Facultade de Química USC, <http://www.usc.es/gl/centros/quimica/infraestructuras.html>.
O indicador IN33M-PS-03, que amosa o grao de satisfacción dos egresados cos servizos na USC, tivo un excelente valor de 4.33 sobre 5 neste curso.
- Dispoñen ademais das instalacións e infraestruturas indicadas na Evidencia 20 para a realización das asignaturas experimentais Proxecto e TFM.

Destacan entre eles os centros/institutos do CSIC na UAM e UCM (IQM-CSIC, CIB-CSIC, IQOG-CSIC, ICMM-CSIC, Instituto IMDEA Nanociencia), e o Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares da USC (<http://www.usc.es/ciqus>) así coma colaboración con varias empresas.

- Os fondos bibliográficos e outros recursos documentais dispoñibles nas bibliotecas das facultades son suficientes e están actualizados:

UAM:

<http://www.uam.es/Ciencias/Medios-Materiales-e-Infraestructuras/1242667490962.htm?language=es&nodepath=Medios%20Materiales%20e%20Infraestructuras>
(no apartado de Bibliotecas e hemerotecas).

UCM: <https://biblioteca.ucm.es/qui>

USC: <http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/quimica/>

